

## **RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO NÚMERO 2.540/2008.**

### **Antecedentes administrativos.**

Primeiro.- Por Resolución deste Concelleiro delegado número 1.699/2008, do 28 de xullo, aprobose o proxecto técnico denominado “Acondicionamento do baixo da Corredoira para actividades musicais”, redactado polos servizos técnicos municipais, cun orzamento de execución por contrata de cento trinta e dous mil cento vinte e oito euros con setenta e catro céntimos (132.128,74 €), e por Resolución deste mesmo órgano, número 1.702/2008, do 28 de xullo, incóase o correspondente expediente administrativo de contratación da obra por procedemento negociado.

Segundo.- Por Resolución do Concelleiro delegado número 1.880 /2008, do 25 de agosto, apróbase o expediente de contratación tramitado, expediente número 16/08-OB-PN, autorízase o gasto por un importe total de cento trinta e dous mil cento vinte e oito euros con setenta e catro céntimos (132.128,74 €) para a devandita finalidade, apróbase o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e ordénase a apertura do procedemento de licitación por procedemento negociado e remitir invitación a tres empresas.

Terceiro.- Rematado o prazo para a presentación de ofertas, ningunha das tres empresas invitadas a presenta, polo que por Resolución 2.081/2008, do 15 de setembro, declárase deserto o procedemento de licitación e ordénase a apertura dun novo procedemento de licitación e a remisión de invitación a outras tres empresas.

Cuarto.- Rematado este novo período de licitación, tan só unha das empresas invitadas CONSTRUCCIONES CES, SL, a presenta o 23 de setembro do 2008, esto é, dentro do prazo outorgado para elo que remataba o 25 do mesmo mes e ano.

Quinto.- O 26 de setembro de 2008 realízase o acto de apertura das ofertas presentadas e tralas comprobacións oportunas acórdase declarar admitido ó licitador CONSTRUCCIONES CES, SL, CIF B-15.026.289, outorgarlle unha puntuación total de 83,34 puntos e formular proposta de adxudicación provisoria do contrato ó seu favor.

Sexto.- Por Resolución do Concelleiro delegado 2.294/2008, do 26 de setembro, adxudícase provisoriamente o contrato a CONSTRUCCIONES CES, SL, CIF B-15.026.289, por un prezo total de 131.112,67 € co seguinte desglose e un prazo de execución das obras de oitenta (80) días naturais, todo elo de acordo ó proxecto técnico aprobado, prego de cláusulas administrativas particulares e proposición presentada polo adxudicatario:

- a) Prezo sen IVE: cento trece mil vinte e oito euros con dezaseis céntimos (113.028,16 €).
- b) IVE: dezoito mil oitenta e catro euros con cincuenta e un céntimos (18.084,51 €).
- c) Total (a+b): cento trinta e un mil cento doce euros con sesenta e sete céntimos (131.112,67 €).

Sétimo.- Nesa mesma resolución requírese ó adxudicatario para que no prazo de quince (15) días hábiles constitúa fianza definitiva por importe de 5.651,41 € e presente os certificados xustificativos de estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Noia e coa Comunidade Autónoma de Galicia, sendo constituída aquela e presentados estes o 10 de outubro do 2008.

### **Fundamentos xurídicos.**

Primeiro.- Considerando o disposto nos artigos 135, 137 e 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), en relación á adxudicación definitiva e na DA 2ª da mesma lei ,

que atribúe ó Alcalde a competencia dos contratos cuio importe acumulado de tódalas anualidades non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior ós catro anos,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Adxudicar definitivamente o contrato de execución das obras de “Acondicionamento do baixo da Corredoira para actividades musicais” a **CONSTRUCCIONES CES, SL, CIF B-15.026.289**, por un prezo total de cento trinta e un mil cento doce euros con sesenta e sete céntimos (131.112,67 €) co seguinte desglose e un prazo de execución das obras de oitenta (80) días naturais, todo elo de acordo ó proxecto técnico aprobado, prego de cláusulas administrativas particulares e proposición presentada polo adxudicatario:

- a) Prezo sen IVE: cento trece mil vinte e oito euros con dezaseis céntimos (113.028,16 €).
- b) IVE: dezaeito mil oitenta e catro euros con cincuenta e un céntimos (18.084,51 €).
- c) Total (a+b): cento trinta e un mil cento doce euros con sesenta e sete céntimos (131.112,67 €).

**Segundo.-** Facer pública a presente adxudicación mediante anuncio que se publicará no perfil do contratante do Concello de Noia e no Boletín Oficial da Provincial da Coruña.

**Terceiro.-** Dentro dos sete días hábiles seguintes á formalización do contrato efectuarase a comprobación da implantación do proxecto, na data en que a administración sinale, polo que queda obrigado o contratista, trala notificación previa, a acudir e subscribir a correspondente acta, de conformidade co establecido no artigo 212 da LCSP.

**Cuarto.-** O contratista queda obrigado a presentar ó día seguinte hábil da sinatura da acta de comprobación da implantación, e sempre antes do inicio das obras, o Programa de traballo, o Plan de seguridade e saúde e a relación de subcontratistas e subministradores coa porcentaxe de obra que van realizar, e a iniciar as obras no prazo máximo dos cinco (5) días naturais seguintes desde a sinatura daquela acta.

**Quinto.-** Nomear de forma expresa ó nomeamento de don José Ventura Fernández Sarasquete, arquitecto técnico municipal, director facultativo da obra e coordinador en materia de seguridade e saúde da obra “Acondicionamento do baixo da Corredoira para actividades musicais”.

**Sexto.-** Notificar a presente resolución a tódolos participantes na licitación coa indicación de que pon fin á vía administrativa e que contra a mesma poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Sétimo.-** Dar traslado da mesma ó Director da obra e coordinador en materia de seguridade e saúde, ós servizos municipais de Intervención, Tesourería e Xefatura de Rendas e dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que convoque.

Noia, 13 de outubro de 2008.  
O concelleiro delegado,

Ante min.  
A secretaria,

Asdo. Xosé Bernaldo Castro Campos.

Asdo. Ana María Ares Álvarez.